



CONCELLO DE CASTROVERDE

INFORMACIÓN CAMPAMENTO DE VERÁN 2021

O PRAZO DE INSCRICIÓNS REMATA O 31 DE MAIO

Obxectivos:

- 1) Ocupar o tempo libre a través de aprendizaxes deportivas, educativas e recreativas .
- 2) Favorecer as relacións sociais e persoais.

Instalacións onde se levarán a cabo as actividades:

- No Pavillón Polideportivo
- Área Recreativa Veiga do Olmo
- Outros lugares de Castrovverde

Duración:

Todo o mes de xullo e agosto.

Horario:

De luns a venres dende as 8:00 a 14:00 horas (excepto festivos)

De 8:00 a 10:30 h será a entrada dos nenos no pavillón polideportivo municipal, o horario de saída será de 13:30 a 14:00 horas do mesmo sitio (a non ser que os monitores indiquen outro lugar distinto).

Inscricións:

As inscricións realizaranse nas oficinas do Concello de Castrovverde de 9:00 a 14:00 horas. Deberán aportar tamén unha foto do neno/a no momento de rexistrar a solicitude.

Admitiranse como máximo 50 nenos/as por quincena . A admisión realizarase por orde de entrada de solicitudes no rexistro do Concello rematando o prazo de entrega de solicitudes o 31 de maio.

Unha vez que finalice o prazo de inscrición o Concello poñerase en contacto coas familias dos nenos/as inscritos/as para indicarlles se foron aceptados ou non no campamento.

No caso de que foran aceptados requiriráselles que realicen o pago correspondente dentro do período de tempo que se lles indicará.

Prezos:

O custo por cada neno/a será de **120 €/mes**. Os nenos/as que leven empadroados no municipio de Castrovverde como mínimo 3 meses antes do inicio do prazo de inscrición terán unha subvención do concello do **50 %** polo que neste caso a inscrición por cada neno custaría **60 €/mes**.

Pagarase a metade do que corresponda se só se inscribe durante unha quincena.

Entenderanse por quincenas as seguintes:

XULLO		AGOSTO	
1ª QUINCENA	Do 1 ó 15	1ª QUINCENA	Do 1 ó 15
2ª QUINCENA	Do 16 ó 31	2ª QUINCENA	Do 16 ó 31

No caso de familias numerosas os custos serán os seguintes:

- Polo primeiro fillo/a pagaríase o 100% do custo da actividade
- Polo segundo fillo/a pagaríase o 50 % do custo da actividade
- Polo terceiro fillo en diante sería gratuíta a actividade

IMPORTANTE: O pago da actividade realizarase unha vez que se comunique se foi aceptado ou non no campamento no seguinte número de conta: ES46-2080-0112-7031-1000-0042.

O ingreso farase individualmente por cada neno/a. Á hora de realizar o ingreso deberase especificar no concepto o seguinte: CAMPAMENTO e nome e apelidos do neno/a.

SERÁ OBRIGATORIO ENTREGAR O XUSTIFICANTE DE PAGO NAS OFICINAS DO CONCELLO ANTES DO 25 DE XUÑO.

NOTA: para a prevención fronte á COVID-19 crearanse grupos burbulla entre os asistentes. A realización do mesmo quedará suxeita ás modificacións que establezan en cada momento as autoridades competentes.

Todos os días cada neno/a deberá traer a súa mochila co bocadillo e bebida para media mañá. Tamén traerá sempre posto o peto que lle será entregado polos monitores do campamento e unha gorra.